

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 15 DE NOVIEMBRE DE 2022**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

### **ASISTENTES:**

D. Juan González Leirós  
D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta  
D. Daniel Mallo Castro  
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto

### **NON ASISTEN:**

D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez  
D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros  
D. Diego Alcantarilla Rei

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día quince de novembro do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta, D. Daniel Mallo Castro e D. Miguel Ángel Gutiérrez.

Non asisten á sesión a Sra. concelleira D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez, a Sra. concelleira D.<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros Nieto, e o Sr. concelleiro D. Diego Alcantarilla Rei.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 8 DE NOVIEMBRE DE 2022**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 8 de novembro de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 8 de novembro de 2022.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

Non se tratou este punto da orde do día.

## **3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN**

### 3.1. PROPOSTA DE DENEGACIÓN DA PRÓRROGA DA EXECUCIÓN DA OBRA DENOMINADA “MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO ENTORNO DO POLÍGONO DO TEMPLE. CAMBRE (SUPERVISADO)” OBRA INCLUIDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 2/2021. EXPEDIENTE: 2021/C003/000008.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 7 de novembro de 2022 (CVD: yOrHgGlt4Q1xtj4YGrF2), relativa á “proposta de denegación da prórroga da execución da obra denominada “Mellora da accesibilidade no entorno do polígono do Temple. Cambre (supervisado)” obra incluída no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ adicional 2/2021.” Expediente: 2021/C003/000008, que transcrita di:

#### “PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Con data 10 de xuño de 2022 formalizouse o contrato administrativo para a execución da obra “Mellora da accesibilidade no entorno do polígono do Temple. Cambre (supervisado)” obra incluída no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ adicional 2/2021.

Con data 21 de xuño de 2022 a Xunta de Goberno Local aprobou o Plan de Seguridade e Saúde, o Plan de Xestión de Residuos así como o Plan de Obra, segundo establece a cláusula 18.3 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o presente contrato.

Tendo en conta que o prazo de execución previsto para a obra, e fixado no contrato, é de catro meses, que comezarán a contar desde o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo, que foi asinada o día 26 de outubro de 2021.

Vista a solicitude de prórroga presentada pola empresa adxudicataria Vías y Servicios Compostela S.L., con data de 27 de outubro de 2022 e número de rexistro 202299900005971.

Visto, o informe **desfavorable** emitido pola Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Municipal e directora das obras Elena Bartolomé Delanoë, con data do 07 de novembro de 2022, (CVD: +HddSboSJA42lfe+AdQL) no que entre outras cousas se sinala:

“(…)

*Visto el escrito recibido con fecha de registro de entrada el 27 de octubre de 2022, con número 202299900005971, por el que solicita prórroga para la ejecución de las obras, motivado por las condiciones meteorológicas de los últimos días y por razones de organización, se informa lo siguiente.*

*El plazo de ejecución de las obras es de 4 meses empezando este a contar desde el día siguiente a la fecha de aprobación del plan de Seguridad y Salud siendo ésta el día 26 de julio de 2022. El plazo de ejecución de las obras finalizaría el día 28 de noviembre de 2022.*

*Según consta en el libro de órdenes hoja nº3 firmada por ambas partes el día 29 de septiembre de 2022, por D. Agustín Largo en representación de la empresa Vías y Servicios Compostela, se hacía constar que en ese día, aún no habían empezado los trabajos, comprometiéndose el contratista, entre otras cuestiones, a presentar una programación precisa de los trabajos. A fecha de hoy aun no se ha recibido ninguna programación.*

*Después de distintos apercebimientos la empresa decidió comenzar la ejecución de las obras el lunes 3 de octubre de 2022.*

*Visto el histórico de precipitaciones desde el comienzo del plazo de ejecución de las obras, e incluso de los últimos días, no se encuentra justificado el retraso, ejecutando el concello incluso en estas fechas trabos de pavimentación y señalización de vías en los días en los que la meteorología lo está permitiendo.*

*Por lo anteriormente expuesto, no se entiende justificada la solicitud de prórroga por lo que se informa desfavorablemente.*

(...)"

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Denegar a prórroga solicitada polo adxudicatario, da execución da obra "Mellora da accesibilidade no entorno do polígono do Temple. Cambre (supervisado)". Expediente 2021/C003/0000008.

**Segundo:** Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria, á coordinadora de seguridade e saúde e a directora da obra para os efectos oportunos.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 7 de novembro de 2022 (CVD: yOrHgGlt4Q1xtj4YGrF2), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

**3.2. PROPOSTA RELATIVA Á PRÓRROGA Á ANUALIDADE 2023, DO LOTE 8: (MANTEMÉNTO, COMIDA) DO "CONTRATO MIXTO DE SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓN DA "MONTAXE DO EVENTO OPEN SCIENCE CAMBRE", DO PROGRAMA 'TODOS DEBEN INVOLUCRARSE' A CELEBRAR NO CONCELLO DE CAMBRE NOS ANOS 2021 E 2022, CON OPCIÓN DE PRÓRROGA EN 2023". EXP: 2021/C005/000007.**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de novembro de 2022 (CVD: RWkd91tpVouQfajLyU6s),

relativa á “prórroga á anualidade 2023, do Lote 8: (Mantemento, comida) do “Contrato mixto de servizos e subministración da “Montaxe do evento Open Science Cambre”, do programa ‘Todos deben involucrarse’ a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga en 2023”. Exp: 2021/C005/000007, que transcrita di:

## “PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 9 de setembro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo no que se adjudica á entidade “Catering Ferrolterra, S.L.” o Lote 8: “Mantemento, comida”, do “Contrato mixto de servizos e subministración da “Montaxe do evento Open Science Cambre”, do programa ‘Todos deben involucrarse’ a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga en 2023”, cun prazo de duración de 2 anos dende a súa formalización, prorrogable por un 1 ano mais, por importe de 5.657,81 euros sin IVA (6.223,59 euros IVA incluído), formalizándose dito contrato con data 4 de outubro de 2021.

Visto que, consonte a cláusula IV do citado contrato, establécese que o contrato poderá prorrogarse “previo acordo do órgano de contratación adoptado no prazo de dous meses a partir da data en que se efectúe o acto formal de recepción satisfactoria dos traballos.

*“De conformidade coa cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares, e epígrafe 6 do Cadro de Características, a duración do contrato , en cada un dos seus lotes, será desde a firma do mesmo en documento administrativo e para o ano 2022, con posibilidade de prórroga ao ano 2023, previo acordo do órgano de contratación adoptado no prazo de dous meses a partir da data en que se efectúe o acto formal de recepción satisfactoria dos traballos. A prórroga así acordada será obrigatoria para o contratista, tendo en conta que as circunstancias do contrato permanecen inalterables (art. 29.2 LCSP).”*

Visto que con data de 30 de setembro de 2022, rexistrouse de entrada, ao número 202299900005397, escrito da empresa adjudicataria solicitando a continuidade do servizo (Lote 8) e, polo tanto, a prórroga do contrato por un ano mais.

Visto que con data de 14 de outubro de 2022, polo responsable do contrato, o coordinador de actividades culturais e educativas municipal, emítese informe (CVD: WXd/TVEyCcxgw9Ub5WGo) no que, entre outras cousas se sinala:

*“ (...)que a empresa axudicataria cumpre satisfactoriamente o antedito contrato, polo que o funcionario informante non atopa ningún impedimento para que se leve a cabo a prórroga do contrato(...).”*

Visto o informe **desfavorable** da técnico de xestión de administración xeral co conforme da secretaria xeral de data 27 de outubro de 2022, (CVD: WtkMW3yzJ+C0mkOf9o67), no que, entre outras cousas se sinala:

“(…)

*De conformidade coa cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares, e epígrafe 6 do Cadro de Características, a duración do contrato, en cada un dos seus lotes, será desde a firma do mesmo en documento administrativo e para o ano 2022, con posibilidade de prórroga ao ano 2023, previo acordo do órgano de contratación adoptado no prazo de dous meses a partir da data en que se efectúe o acto formal de recepción satisfactoria dos traballos. A prórroga así acordada será obrigatoria para o contratista, tendo en conta que as circunstancias do contrato permanecen inalterables (art. 29.2 LCSP).*

*Tendo en conta o establecido na cláusula Primeira do Prego de Prescricións Técnicas Particulares, a Open Science celebrárase, como norma xeral, a terceira fin de semana de setembro e será en sábado e domingo. Si as circunstancias (sanitarias ou doutra índole) aconselláseno, o Concello de Cambre se reserva a posibilidade de modificar estas datas.*

“(…)

**Terceiro.** - Con data de 14 de outubro de 2022 emitíuse informe polo responsable do contrato, o coordinador de actividades culturais e educativas municipal, no que se indica "que a empresa axudicataria cumpre satisfactoriamente o antedito contrato, polo

que o funcionario informante non atopa ningún impedimento para que se leve a cabo a prórroga do contrato" (CVD: WXd/TVEyCcXgw9Ub5WGo).

Malia isto, **non consta no expediente o dito acto formal de recepción satisfactoria dos traballos** esixido, tanto na citada cláusula IV do contrato como na cláusula 27 do PCAP, en aplicación do artigo 210.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o que impide coñecer o prazo dentro do cal debe acordarse a prórroga, polo que se **informa desfavorablemente a prórroga do contrato** para a execución do "Servizo do catering (Lote 8) para o evento Open Science Cambre do programa TDI (Todos DebenInvolucrarse)" a celebrar nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga en 2023 (expediente TEDeC: 2021/C005/000007).

Visto o informe complementario á prórroga da anualidade, emitido con data 01 de novembro de 2022 polo coordinador da Área de cultura, deportes e xuventude, (CVD: hsuCmwCD2t3r4dRa3KrJ), no que entre outros aspectos indicase que:

«(...) Considerando o prego de cláusulas administrativas particulares para o contrato de referencia, no relativo a cláusula 9 prazo de duración do contrato " La duración del contrato, en cada uno de sus lotes, será desde la firma del mismo en documento administrativo y durante los años 2021 y 2022, con posibilidad de prórroga al año 2023, previo acuerdo del órgano de contratación adoptado en el plazo de dos meses a partir de la fecha en que se efectúe el acto formal de recepción satisfactoria de los trabajos. La prórroga así acordada será obligatoria para el contratista, teniendo en cuenta que las circunstancias del contrato permanecen inalterables (art. 29.2 LCSP) "

Consta no expediente informe favorable de data 25 de outubro de 2022 á factura presentada número 22 29, servizo de catering da Open Science de Cambre os días 17-18 setembro de 2022. (Lote 8)

Considerando que na cláusula 9 do PCAP non está definido o " acto formal de recepción satisfactoria dos traballos...", e dado que estamos ante un servizo de catering, pódese tomar a data do informe favorable á factura presentada como a recepción satisfactoria dos traballos realizados.

Polo tanto, solicito continuar ca tramitación da prórroga da anualidade 2023 por razóns de economía procesal e seguridade xurídica na prestación do servizo.(...)

Visto o informe de fiscalización, número 420/2022 emitido polo interventor municipal con data de 10 de novembro 2022, (CVD: jWOSHj7ThVqH90zAzUSd) no que informa **favorable**.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Acordar a prórroga á anualidade 2023 , do Lote 8: (Mantemento, comida) do "Contrato mixto de servizos e subministración da "Montaxe do evento Open Science Cambre", do programa 'Todos deben involucrase' a celebrar no Concello de Cambre nos anos 2021 e 2022, con opción de prórroga en 2023.

Exp: 2021/C005/000007.

**Segundo:** Notifica-lo presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar aos departamentos municipais de Cultura, Deportes e Xuventude, a Intervención municipal, e á técnica de xestión de Administración xeral, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de novembro de 2022 (CVD: RWkd91tpVouQfajLyU6s), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

#### **4.- CORRECCIÓN ERRO DE TRANSCRIPCIÓN NA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 20 DE SETEMBRO DE 2022.**

A continuación dáse conta da dilixencia de Secretaría de data 9 de novembro de 2022 relativa á corrección dun erro de transcripción na acta da sesión da Xunta de Goberno Local de data 20 de setembro de 2022.

Á vista da dilixencia de Secretaría citada, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión:

Corrixir o erro de transcripción na acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 20 de setembro de 2022 no seguinte senso:

Onde di:

#### **“3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 9 ao 15 de setembro do 2022, que comezan coa Resolución da Alcaldía núm. 1570/2022 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1607/2022, segundo se relacionan a continuación:

<b>Nº decreto</b>	<b>Data sinatura</b>	<b>Asunto</b>
1570/2022	09-09-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 13 de setembro de 2022
1571/2022	09-09-2022	Multas de tráfico - 99500000026527 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
1572/2022	09-09-2022	Reposición legalidade urbanística para denegación de licenza de primeira ocupación por non axustarse á licenza concedida en vivanda sita en Anceis. Propiedade: MCM
1573/2022	09-09-2022	Reposición legalidade urbanística a JVC pola construción dun peche na



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		finca sita en Praza de San Marcos, Anceis. Propiedade: JVC
1574/2022	09-09-2022	Baixa da liquidación núm. 2021 205 5 feita a Ingeniería Medioambiental de Galicia, S.L pola publicación de anuncio de licitación do servizo de limpeza, roza e desbroce mecánico ou manual
1575/2022	09-09-2022	Multas de tráfico - 99500000026451 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
1576/2022	12-09-2022	Expediente de xeración de crédito núm. 12/2022. convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Cambre para o acondicionamento, mantemento e conservación do entorno do río Mero ao seu paso polo concello de Cambre
1577/2022	12-09-2022	Delegación de funcións da Alcaldía dende o día 13 de setembro ata a incorporación
1578/2022	12-09-2022	Reposición legalidade urbanística a JMR por vertido de augas pluviais en Rueilparroquia, Cela
1579/2022	13-09-2022	Admisión de solicitudes no programa de actividades "Campamento urbano de verán 2022" (3ª quenda: do 1 ao 12 de agosto de 2022 e 4ª quenda: do 17 ao 31 de agosto de 2022)
1580/2022	13-09-2022	Reposición legalidade urbanística pola colocación dunha caseta prefabricada e un portal de apertura corredeira en Peirao, Bribes. Propiedade: APG e OICM
1581/2022	13-09-2022	Reposición legalidade urbanística pola apertura dun oco ( ventá) na fachada traseira da vivenda sita en Pena, Sigrás. Propiedade: HMF
1582/2022	13-09-2022	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras (oco porta) sen título habilitante, no lugar de Pena, Sigrás. Propiedade: LTR
1583/2022	13-09-2022	Prórroga venda ambulante na feira de Cambre
1584/2022	13-09-2022	Expediente de xeración de crédito número 13/2022. Axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos
1585/2022	13-09-2022	Celebración voda civil o día 17 de setembro de 2022 ás 13,30 horas
1586/2022	13-09-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 50.031,49 euros
1587/2022	13-09-2022	Resolución de comparecencia do Concello de Cambre ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo para postular a inadmisión do recurso de casación interposto pola Xunta de Galicia contra a sentenza do TSXG do 15 de marzo de 2022, e adxudicación de asistencia letrada para tal fin"

Debe dicir:

### **"3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 9 ao 15 de setembro do 2022, que comezan coa Resolución da Alcaldía núm. 1570/2022 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1607/2022, segundo se relacionan a continuación:

<b>Nº decreto</b>	<b>Data sinatura</b>	<b>Asunto</b>
1570/2022	09-09-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 13 de



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		setembro de 2022
1571/2022	09-09-2022	Multas de tráfico - 99500000026527 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
1572/2022	09-09-2022	Reposición legalidade urbanística para denegación de licenza de primeira ocupación por non axustarse á licenza concedida en vivanda sita en Anceis. Propiedade: MCM
1573/2022	09-09-2022	Reposición legalidade urbanística a JVC pola construción dun peche na finca sita en Praza de San Marcos, Anceis. Propiedade: JVC
1574/2022	09-09-2022	Baixa da liquidación núm. 2021 205 5 feita a Ingeniería Medioambiental de Galicia, S.L pola publicación de anuncio de licitación do servizo de limpeza, roza e desbroce mecánico ou manual
1575/2022	09-09-2022	Multas de tráfico - 99500000026451 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
1576/2022	12-09-2022	Expediente de xeración de crédito núm. 12/2022. convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Cambre para o acondicionamento, mantemento e conservación do entorno do río Mero ao seu paso polo concello de Cambre
1577/2022	12-09-2022	Delegación de funcións da Alcaldía dende o día 13 de setembro ata a incorporación
1578/2022	12-09-2022	Reposición legalidade urbanística a JMR por vertido de augas pluviais en Rueiroparroquia, Cela
1579/2022	13-09-2022	Admisión de solicitudes no programa de actividades "Campamento urbano de verán 2022" (3ª quenda: do 1 ao 12 de agosto de 2022 e 4ª quenda: do 17 ao 31 de agosto de 2022)
1580/2022	13-09-2022	Reposición legalidade urbanística pola colocación dunha caseta prefabricada e un portal de apertura corredeira en Peirao, Bribes. Propiedade: APG e OICM
1581/2022	13-09-2022	Reposición legalidade urbanística pola apertura dun oco ( ventá) na fachada traseira da vivanda sita en Pena, Sigrás. Propiedade: HMF
1582/2022	13-09-2022	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras (oco porta) sen título habilitante, no lugar de Pena, Sigrás. Propiedade: LTR
1583/2022	13-09-2022	Prórroga venda ambulante na feira de Cambre
1584/2022	13-09-2022	Expediente de xeración de crédito número 13/2022. Axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos
1585/2022	13-09-2022	Celebración voda civil o día 17 de setembro de 2022 ás 13,30 horas
1586/2022	13-09-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 50.031,49 euros
1587/2022	13-09-2022	Resolución de comparecencia do Concello de Cambre ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo para postular a inadmisión do recurso de casación interposto pola Xunta de Galicia contra a sentenza do TSXG do 15 de marzo de 2022, e adxudicación de asistencia letrada para tal fi"
1588/2022	14-09-2022	Tramitación de Decretos - 99500000026569 Acordo Inicio Acuerdos de Inicio
1589/2022	14-09-2022	Tramitación de Decretos - 9835/2022 Resolución de primeiras alegacións Ordinario
1590/2022	14-09-2022	Tramitación de Decretos - 99500000026802 Resolución Sancionadora Resolución Sancionadora
1591/2022	14-09-2022	Tramitación de Decretos - 99500000026833 Acordo Inicio Acuerdos de





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		Inicio
1592/2022	14-09-2022	Tramitación de Decretos - 8710/2022 Resolución de primeiras alegaciones Ordinario
1593/2022	14-09-2022	Tramitación de Decretos - 11766/2022 Resolución de primeiras alegaciones Ordinario
1594/2022	14-09-2022	Desistencia de solicitude de axuda de emerxencia social de RBM, por non achegar a documentación requirida
1595/2022	14-09-2022	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 15 de setembro de 2022
1596/2022	14-09-2022	Licenza de edificación para construción dunha vivenda unifamiliar e cerramento frontal na rúa Quintán, Cambre promovido por SST
1597/2022	14-09-2022	Segunda prórroga para a licenza de construción dunha vivenda unifamiliar, piscina e cerramento no lugar de Cela. Solicitante: NSV
1598/2022	14-09-2022	Reposición legalidade urbanística pola construción dun cerramento lindeiro entre as parcelas, así como a colocación de dous portais de acceso ao interior da parcela, un cerramento vexetal na cara interior dun pacial do peche perimetral que linda co camño publico municipal 1C.1.0366, na parcela sita en Pardas (San Lourenzo ) en axustarse ás obras comunicadas en expte 2015/U017/000135. Propiedade: FCY e MLFL
1599/2022	14-09-2022	Reposición legalidade urbanística pola construción dun galpón de 9 x3 m <sup>2</sup> cunha cuberta a unha auga con pezas de panel ondulado de cor tella, en Picardos, Anceis. Propiedade: EJFRH
1600/2022	14-09-2022	Proposta de aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de agosto e o seu pagamento
1601/2022	14-09-2022	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 36.959,27 euros
1602/2022	14-09-2022	Concesión anticipo á funcionaria de carreira, ASF
1603/2022	15-09-2022	Contrato menor de servizos de asistencia técnica
1604/2022	15-09-2022	Recurso contencioso administrativo P.A. 0000114/2022. Representación e defensa. Remisión do expediente Expediente 2021/P001/000019 responsabilidade patrimonial
1605/2022	15-09-2022	Recurso contencioso administrativo P.A. 0000126/2022. Representación e defensa. Remisión do expediente Expediente 2021/P001/000014 responsabilidade patrimonial
1606/2022	15-09-2022	Licenza de primeira ocupación para a vivenda sita na rúa Lagoa, promovido por OT INVERSIONES, S.L..
1607/2022	15-09-2022	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 16 de setembro de 2022"

## **5.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 4 ao 11 de novembro do 2022, que comezan coa Resolución da Alcaldía núm. 1892/2022 e rematan coa Resolución da Alcaldía núm. 1933/2022, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
------------	---------------	--------



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1892/2022	04-11-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 8 de novembro de 2022
1893/2022	04-11-2022	Desestimar o recurso de reposición presentado por dona TMV contra a resolución núm. 1250/2022 de data 07/07/2022 do concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade polos motivos expostos no informe do coordinador de actividades culturais e educativas
1894/2022	04-11-2022	Folga. Os servizos mínimos realizaranse atendendo ás circunstancias das persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar, especialmente a súa vulnerabilidade, entendendo que, para a cobertura mínima de atención dunha situación de folga, habería que priorizar as funcións que se desenvolven para que quede garantida a cobertura dos servizos de carácter vital.
1895/2022	07-11-2022	Conceder a RA, SL, a licenza municipal solicitada para a ocupación de 37 m <sup>2</sup> de vía pública, por un período de 1 mes, fronte ao edificio sito na rúa Pígara, O Temple, con motivo da execución da obra consistente na colocación de illamento térmico na fachada do citado edificio
1896/2022	07-11-2022	Conceder a UFD DE, SA, licenza municipal para a instalación dun punto de acceso á rede eléctrica de media tensión para a nave loxística sita na rúa Marconi, , polígono industrial de Espírito Santo, Cecebre
1897/2022	07-11-2022	Aprobar a realización do programa cultural do mes de novembro de 2022
1898/2022	07-11-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a MRI
1899/2022	07-11-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a JML
1900/2022	07-11-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a MDS
1901/2022	07-11-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a AKMM
1902/2022	07-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a I.D.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1903/2022	07-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a B.B.R. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1904/2022	08-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a G.C.P.V. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1905/2022	08-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a R.B.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1906/2022	08-11-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a AKChR
1907/2022	08-11-2022	Conceder licenza a dona TPV para a reforma interior e ampliación da vivenda unifamiliar sita no lugar de Fonte do Galo, parroquia de Brexo, en solo cualificado como de núcleo rural, de conformidade co



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		proyecto técnico da arquitecta Dolores Tobía Sueiro con visado nº 2204662.2 de data 10 de agosto de 2022.
1908/2022	08-11-2022	Desestimar parcialmente as alegacións presentadas por JAMV, actuando en representación do Arcebispado de Santiago de Compostela por canto que: - Non procede entrar a valorar a pertinencia da orde de execución dictada, xa que se trata dun acto firme e consentido, ao non ter sido recurrido polo interesado. - Non existe vulneración do principio de boa fe, xa que se superou con creces o prazo concedido para a presentación do proxecto de conservación, sen que este se presentara. Segundo.- Estimar parcialmente a alegación relativa ao importe das multas coercitivas
1909/2022	08-11-2022	Conceder a UFD DE, SA, a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 9 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar do Castro, Bribes
1910/2022	08-11-2022	Aprobación de adianto da nómina do mes de novembro de 2022 e proposta de mandamento de pago e pagamento da operación non orzamentaria a dona RLV
1911/2022	08-11-2022	Conceder a MGD a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais
1912/2022	08-11-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1913/2022	08-11-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1914/2022	08-11-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para material escolar a C.G.R. por importe de 39,05 euros
1915/2022	08-11-2022	Denegación de axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro a J.A.M.V. por esgotar o importe máximo concedido para 12 meses.
1916/2022	08-11-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 68.555,31 euros
1917/2022	08-11-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a AKChR
1918/2022	08-11-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a A.M.F.F. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1919/2022	08-11-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a J.P.P.
1920/2022	08-11-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a M.L.I.
1921/2022	08-11-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a J.P.C.
1922/2022	08-11-2022	Denegación de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a E.C.M
1923/2022	08-11-2022	Denegación de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a D.O.A.F. por non acreditar problemas de mobilidade

1924/2022	08-11-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a D.R.F.
1925/2022	08-11-2022	Concesión de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a J.F.M.
1926/2022	09-11-2022	Avocación de competencias de dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá dende o día 9 de novembro ata a súa reincorporación
1927/2022	09-11-2022	Concesión de duplicado de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a M.L.C.C.
1928/2022	09-11-2022	Denegación de axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro a E.S
1929/2022	09-11-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1930/2022	09-11-2022	Expedientes sancionadores de tráfico
1931/2022	10-11-2022	Autorizar á concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta, para comparecer ante o Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación da Coruña no acto de conciliación obrigatorio con don XALM que se realizará o día 14 de novembro de 2022, ás 11:15 horas
1932/2022	10-11-2022	Aprobación de certificacións correspondente á obra Mellora da accesibilidade no entorno da escola de Música Sementeira de Sigrás, Cambre (supervisado) (Plan Único de concellos) POS+ 2021, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 60.274,10 euros, así como o seu pagamento. (certificaciones de obra 1, 2 y 3 , y liquidacion )
1933/2022	10-11-2022	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe de 41.719,12 euros

## **6º.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

## **7º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai ningún rogo e ningunha pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo